

# O MEDIO AMBIENTE NO I CONGRESO FORESTAL

Roxelio Pérez Moreira

Celebrouse neste verán, na cidade de Pontevedra, previamente inaugurado no Centro Forestal de Lourizán, o chamado I Congreso Forestal Español, aínda que realmente non fose esta a primeira vez que se teñen reunido nun congreso os forestais españois. No lado organizativo, neste encontro todo foi apabullante, xa empezando pola ostentividade de medios exhibidos, moi xenerosamente financiados pola Dirección Xeral de Montes do Goberno Autónomo. E houbo nada menos que perto dun millar de asistentes e unha inmensidade de ponencias e comunicacións presentadas.

Vaia por diante que o interese e importancia deste congreso está fóra de toda dúbida, sobre todo pola abondosa información científica presentada, reunida en varios libros, moi valiosa para quen pretende estar ó día na investigación forestal.

No lado máis negativo, é mágoa que non se favorecese para nada o debate, case deliberadamente impedido. Baste dicir que as preguntas non se podían formular mais que por escrito, e que logo de seleccionadas na mesa, poucas chegarían a ser contestadas, pola brevedade de tempo dispoñible. De non ser por esta limitación, terían sido de moito maior interese, e non insulsas de todo, algunhas ponencias e mesas redondas dedicadas, por exemplo, a tratar dos planos forestais e da política ambiental nas diferentes autonomías.

Tamén é moi de lamentar que o acceso ás conferencias fose ferreamente controlado, téndose un que identificar a cada paso, cousa que é ben pouco frecuente que se faga nun congreso; e sospeito que houbo unha

mesma razón para isto e para que se impedisen os debates. O caso é que, tanto ecoloxistas como alumnos das escolas de Enxenería Forestal, loxicamente moi motivados polos temas que alí se trataban, tiveron pechadas as portas do congreso.

Dito isto, que tampouco se podía deixar de dicir, vou ó que máis pretendía nestas liñas, que é o referirme ó tratamento que se lle deu neste congreso ás cuestións ambientais, así como a certas actitudes alí observadas con respecto ó ecoloxismo.

## **É BASTANTE PROPIO DE MOITOS PROFESIONAIS RECÉN ADVENEDIZOS ÓS TEMAS AMBIENTAIS, QUE SE CREZAN NELES A BASE DO PREVIO DESCRÉDITO DO ECOLOXISMO**

Frases de tono descalificativo como «a eco-esquizofrenia», «a ecolatría reinante», «a contaminación cultural» ouvíronse alí máis dunha vez e ata tamén figuran nos textos publicados; alusións que son ben reveladoras de que o talante dalgúns dos nosos enxeñeiros forestais e de montes, con respecto ás preocupacións ambientalistas e ó ecoloxismo, semella ser máis ou menos o de sempre, sen ter avanzado en nada. Frases que, ademais, se din sen vir ó conto para nada, totalmente fora de contexto do que se está a falar. Sempre que as escoito teño a impresión de como se non deran para máis as argumentacións científicas e se vai na busca da complicidade e do aplauso fácil, como se decilas fose un

exercicio de autoafirmación profesional.

É bastante propio de moitos profesionais recién advenedizos ós temas ambientais, que se crezan neles a base do previo descrédito do ecoloxismo; mesmo pregoando que o primeiro obxectivo é facer fronte á «contaminación cultural», como eles din, como se iso fose realmente máis importante que aborda-los problemas ambientais denunciados polos ecoloxistas. Eu teño o convencemento de que, no fondo de todo, non existe neles a máis mínima concienciación ambientalista, senón máis que un descarado oportunismo por se sumar proveitosamente ás novas correntes emerxentes. Diciame nunha ocasión Joaquín Araujo, prestixiado ecoloxista e Premio Global 500 das Nacións Unidas -o Nobel da Ecoloxía, poderíase dicir diciame todo cheo de razón, que non só temos que pasa-lo tempo, todo o noso tempo, en dedicármonos á defensa do medio ambiente, senón que aínda por riba temos que andar a perde-lo tempo en estar desenmascarando a hipócritas.

No que respecta ós temas ambientais, este congreso foi decepcionante. Pouco importa que se diga que entre as funcións máis destacadas dos bosques e os montes están as ecolóxicas e unha multiplicidade de funcións sociais, cando logo tódalas atencións e tódolos esforzos céntranse nas cuestións meramente productivistas. Ademais, así como nos aspectos productivos xa se ten acadado un elevado teito de coñecementos, pola contra, os aspectos ecolóxicos do bosque non soamente son os máis descoñecidos senón que son os máis urxentes por coñecer, sobre todo á hora de que se pretenda compatibilizar, de verdade, a produción e a ecoloxía.

É bastante ilustrativo que, de cada vez que se mentaba a cuestión da protección ambiental, acompañábase de excesivas referencias a ter que «rendabiliza-la natureza». Semella que non calan outros criterios que os do productivismo e a rendabilidade. Aínda máis aló foi o Subdirector Xeral do Medio Ambiente da Consellería de Agricultura, Enrique Valero, quen xa dixo